

## UNIDADE 2: As mulleres na sociedade, unha historia de ocultación

---

### Lecturas

#### Lectura 1: O nushu, a linguaxe secreta das mulleres de Hunan

En *Historias de mulleres*, a escritora Rosa Montero debulla as biografías dalgúñas mulleres fascinantes. No prólogo, fala sobre a invisibilización das mulleres a través do exemplo das mulleres de Hunan:

“Asombra comprobar que sempre houbo mulleres capaces de sobrepoñerse ás máis penosas circunstancias; mulleres (..) que tiveron a habilidade e a coraxe de escaparen, quen sabe como, de destinos tan estreitos como unha tumba. Sempre foron poucas, claro está, en comparanza coa gran masa de femias anónimas e sometidas aos límites que o mundo lles impuxo; pero foron, sen lugar a dúbidas, moitísimas máis das que hoxe coñecemos e lembramos. Como di a escritora italiana Dacia Maraini, as mulleres cando morren fano para sempre, sometidas á dobre fin da carne e do esquecemento. Os historiadores, os enciclopedistas, os académicos, os gardiáns da cultura oficial e da memoria pública foron sempre homes, e os actos e obras das mulleres raramente pasaron aos anais.

Unhas antepasadas capaces de levar a cabo proezas anónimas tan inxentes como a invención, na provincia chinesa de Hunan, dunha linguaxe secreta. Ou, mellor dito, dunha caligrafía só para mulleres, un modo de escribir críptico chamado *nushu* que conta con dous mil caracteres e que ten unha antigüidade de, polo menos, mil anos (algúns especialistas falan de seis mil). Din que o *nushu* foi inventado pola concubina dun emperador chinés (...) para poder falar coas súas amigas da súa vida íntima, das súas queixas e dos seus sentimentos sen risco de ser castigada. Moitas das mulleres que aprenderon esta caligrafía non sabían escribir en han, o idioma chino oficial, porque as mulleres mantiñanse analfabetas (...) de modo que o *nushu* outorgoulles unha forza solidaria coa que organizar certa resistencia. «Debemos establecer relacións de irmás desde a mocidade e comunicarnos a través da escritura secreta», di un dos textos milenarios conservados.”

1. Que quere dicir a frase de Dacia Maraini: “as mulleres cando morren fano para sempre, sometidas á dobre fin da carne e do esquecemento”?
2. Que razón dá o texto para explicar que os logros das mulleres raramente pasasen aos anais da historia?
3. Por que as mulleres de Hunan precisaban de inventar o *nushu*?
4. A meirande parte das mulleres que utilizaban o *nushu* eran analfabetas. Que demostra acerca delas que fosen capaces a crear e empregar esta linguaxe secreta?

5. A palabra “[sororidade](#)” é empregada decote polo movemento feminista. Pica na palabra para coñeceres a súa definición. En que medida o nushu fala da sororidade entre mulleres?

## Lectura 2: As literatas

En 1865 Rosalía de Castro publicou nun xornal “[As literatas. Carta a Eduarda](#)”. Tratábase dunha carta que unha muller escritora envía a unha amiga. Aínda que os personaxes e a carta son inventados, o que na carta se escribe tiña moito a ver coas dificultades que atravesaba unha muller que pretendía, como Rosalía, vivir da escritura.

“Ti non sabes o que é ser escritora (...) pola rúa sinalante constantemente, e non para ben, e en todas partes murmuran de ti. Se (...) falas de algo do que sabes, (...) din que te escoitas a ti mesma, que o queres saber todo. Se gardas unha prudente reserva, que fatua!, que orgullosa! (...). Se vas de modesta (...), onde está o teu talento? Nin sequera sabes entreter á xente cunha amena conversación. (...) As mulleres poñen en relevo até o máis escondido dos teus defectos e os homes non cesan de dicirche sempre que poden que unha muller de talento é unha verdadeira calamidade (...) e que só unha parva pode facer a felicidade dun home.

Sobre todo os que escriben e téñense por graciosos, non deixan pasar nunca a ocasión de dicirche que as mulleres deben deixar a pluma e reparar os calcetíns dos seus maridos, se o teñen, e se non, aínda que sexan os do criado. Cousa fácil era para algunhas abrir o armario e plantarlle diante dos narices os zurcidos pacientemente traballados, para probarlle que o escribir algunhas páxinas non lle fai a todas esquecerse dos seus quefaceres domésticos (...).

Polo que a min respecta, dise decote que o meu marido traballa sen cesar para me facer inmortal. Versos, prosa, bo ou malo, todo é seu, pero, sobre todo, o que lles parece menos malo (...) Penosa tarefa, por certo, a do meu marido que custándolle aínda traballo escribir para si (...), ten que facer ademais os libros da súa muller (...).

Como crer que ela poida escribir tales cousas? Unha muller que ven todos os días (...) pode discorrer e escribir cousas que a eles non se lles pasaron nunca pola mente, e iso que estudaron e saben filosofía, leis, retórica e poética? Imposible (...). Se sequera nacesse en Francia ou en Madrid! Pero aquí mesmo? Oh!”

1. A que debe adicarse unha muller segundo o texto?
2. Que sucedía, segundo o texto, cando unha muller non se axusta ao rol que lle asignaba a sociedade do século XIX?
3. Segue a suceder isto mesmo na actualidade, na túa opinión?
4. Que outras mulleres contemporáneas a Rosalía enfrontaron problemas semellantes? Como loitaron contra esta situación?
5. Que significa a última afirmación do texto, que se pon en boca dos homes “Se sequera nacesse en Francia ou en Madrid!”?